

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2022

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e un minutos do día dezasete de febreiro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito órgano), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Isidro Fernández Portas

Dña. Ana M^a Granja Guillán

D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dña. M^a De la O Fernández González)

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dña. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dña. Rosa M^a Otero Piñeiro

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN AO 31 DE XANEIRO DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do un de decembro de dous mil vinte e un ao trinta e un de xaneiro do presente ano, relativas a:

Mes de Decembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 01/12/21** .-“1.- Autorización en precario a D. Mario Lastra Gamarra como representante do grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, os luns de 22:00-23:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
2.- Aprobar a compensación dos 5 días que non puideron realizar actividade, na cotas correspondentes ao mes de decembro do presente ano e mes de xaneiro de 2022.
3.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan oCarné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.
4.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.
5.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón.
6.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.”
- **2ª Resolución con data 09/12/21** .-“1.- Autorización á Asociación de Disminuídos Psíquicos Con Eles o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para levar a cabo unha escola inclusiva de baloncesto en colaboración cos Clubes/Entidades Deportivas Basket Base Club e Agrupación Deportiva Cortegada, os venres de 10:00-11:00 horas, tempada 2021/22.

2.-Comunicarlle que a cesión da instalación deportiva é exclusivamente para a celebración da devandita escola, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.

3.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón.”

- **3ª Resolución con data 15/12/21** .-“1.- Autorización á Asociación de Disminuídos Psíquicos Con Eles o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no horario que a continuación se relaciona, para levar a cabo os adestramentos dos seus deportistas, tempada 2021/22.

INSTALACION	DIAS	HORARIO
Pavillón N° 1	Ma-Xo	10:00-11:00 horas
Pavillón N° 2	Lu-Ma-Xo-Ve	12:00-13:00 horas

2.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da mesma.

3.-Comunicarlle que a cesión da instalación deportiva é exclusivamente para a celebración da devandita escola, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **4ª Resolución con data 20/12/21** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C. o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “I CAMPUS DE TECNIFICACIÓN DEL AROSA S.C.”, dirixido a nenos/as de 5 a 13 anos, os vindeiros días 27, 28, 29 e 30 de decembro do presente ano, 3 e 4 de xaneiro de 2022, en horario de 10:00 a 13:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a subscrición do Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas municipais de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 6 becas (de 60 prazas ofertadas), para a inscrición de seis alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento desta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado e no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.

5.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada na parte expositiva, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito Campo de Fútbol.

6.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (**Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:**

8.1) Os anexos I, II e III (modelos normalizados adxuntos) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

8.2) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

- **5ª Resolución con data 27/12/21** .-“1.- Autorizar ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso do Pavillón Municipal da Torre, os vindeiros día 27, 28, 29 e 30 de decembro do presente ano, 3 e 4 de xaneiro do 2022, para levar a cabo os adestramentos das súas deportistas nas vacacións de nadal, de 10:00-13:30 horas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Ximnasia Rítmica.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 01/12/21** .-“1.- Adxudicación á empresa. DIGAMEL AROUSA, S.L.U., a adquisición de 12 unidades de luminarias led modelo PROYECTOR IP66 57K OPT.60° 600WIK08, para a reposición das existentes no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 18.099,18 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-631,00.”
- **2ª Resolución con data 27/12/21** .-“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Mª Nuria Díaz Pérez, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Menor de Idade, ano 2022 por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.
2.- Aprobar a devolución a favor de D. Daniel Casais Sesto, correspondente ao importe ingresado das cotas do prezo público das solicitudes de inscrición Escola Municipal de Psicomotricidade, curso 2021/22, dos seus fillos, por importe de 24,00 €, con cargo á partida 343,01.
3.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Lucía Araujo Castiñeiras, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Multideportiva de Inverno, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Isabel Otero Romy, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Base, modalidades de Tenis e Artes Marciais, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
5.- Aprobar a devolución a favor de D. Antonio Céspedes Pérez, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Base, nas Modalidades de Tenis e Baloncesto, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
6.- Aprobar a devolución a favor de D. Carlos Pol Balado, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Multideportiva de Inverno, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
7.- Aprobar a devolución a favor de D. Jose Carlos Fernández Balseiro, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Multideportiva de Inverno, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.”
- **C.- Recoñecementos de obriga:**
- **1ª Resolución con data 09/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes á relación de facturas anteriormente sinaladas, dos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, dos

periodos do 08/06/2021 ao 07/09/2021, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 09/12/2021, por importe total de 668,14 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”

- **2ª Resolución con data 10/12/21** .-“1.- Aprobación da contabilización do ingreso non presupostario efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes con data 11 de novembro do presente ano, dado o erro da conta bancaria da empresa CRISTALAROSA, S.L., correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga da factura nº 21 00366, pola adquisición de dous metacrilatos para a reparación nos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, por importe de 81,07 €, con cargo á partida económica 20501.

2.- Efectuar o pagamento non presupostario na conta bancaria correcta da citada empresa e polo importe anteriormente sinalado, con cargo á partida económica 20501.”

- **3ª Resolución con data 20/12/21** .-“1.- Concesión ao Club Natación Vilagarcía, .S.D., unha subvención directa, para facer fronte do uso da Piscina Cuberta Municipal, para os adestramentos dos seus deportistas, correspondente ao ano 2021, posto que é unha Instalacións Municipal en réxime de xestión indirecta, por importe de 3.557,23 €, con cargo á partida 342-483,02. Asinando o convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club Natación Vilagarcía, .S.D. que presenta xustificante da subvención concedida para facer fronte ao uso da Piscina Cuberta Municipal para o adestramentos dos seus deportistas, ano 2021, por importe de 3.557,23 € con cargo á partida 342-483,02.

3.- Aprobar o Endoso da citada subvención a favor da empresa SERVICIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe de 3.557,23 €, con cargo á partida 342-483,02.”

- **4ª Resolución con data 20/12/21** .-“1.- Concesión ao Club Deportivo Salvamento Acuático Vilagarcía, unha subvención directa, para facer fronte do uso da Piscina Cuberta Municipal, para os adestramentos dos seus deportistas, correspondente ao ano 2021, posto que é unha Instalacións Municipal en réxime de xestión indirecta, por importe de 3.557,23 €, con cargo á partida 342-483,02. Asinando o convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club Deportivo Salvamento Acuático Vilagarcía. que presenta xustificante da subvención concedida para facer fronte ao uso

da Piscina Cuberta Municipal para o adestramentos dos seus deportistas, ano 2021 ,por importe de 3.557,23 € con cargo á partida 342-483,02.

3.- Aprobar o Endoso da citada subvención a favor da empresa SERVIOCIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe de 3.557,23 €, con cargo á partida 342-483,02.”

- **5ª Resolución con data 27/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados do Curso Formativo “SEGURIDADE NA PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FISICO-RECREATIVA NO DEPORTE DE BASE”, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 18/11/2021, por importe total de 46,26 €,co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Locomoción	27,56 €	342-231,20
Dietas	<u>18,70 €</u>	342-230,20
TOTAL	46,26 €”	

- **6ª Resolución con data 28/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa GÓMEZ NISTAL, MARÍA J (FARMACIA), pola factura nº 2021/0093, correspondente á adquisición de mascarillas para os participantes na XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, celebrada o pasado 31 de xullo do presente ano, por importe de 40,00 €, con cargo á partida 342-226,09. Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Juan Miguel Doval Blanco, ao adiantar o pago el.”
- **7ª Resolución con data 30/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de decembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 10.054,01 €.”
- **8ª Resolución con data 30/12/21** .-“ 1.- Aprobación da relación e facturas con acrodo previo, mes de decembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 118.538,74 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000033521F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de novembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000034221F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE

EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de novembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21458, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de novembro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faise constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da factura da empresa Troquiña, S.L., conforme aos informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 90, correspondente á adquisición de 30 trofeos, pola celebración do V MUSHING VILAGARCÍA DE AROUSA, 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe de 392,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE. S.L., pola factura nº 210002724 0,, correspondente á adquisición de reposición de equipos informáticos e diverso material informático para as oficinas da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 3.166,93 €, con cargo á partida 342-626,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DELTACINCO LINEA VERDE, S.L., pola factura nº 21 095, correspondente á adquisición de accesorios para a máquina cortacésped de corte helicoidal para terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 2.077,57 €, con cargo ás partidas 342-623,00 e 342-213,00.

- 7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SOBRINO G, S.A., pola fra. Nº 21 7203, correspondente á adquisición por reposición de vestiario para o persoal adscrito á Fundación de Deportesde, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/11/2021, por importe de 1.440,02 €, con cargo á partida 342-221,04.
- 8.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 21150, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 1º trimestre (outubro, novembro e decembro, ano 2021) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2021, por importe total de 1.875,50 €, con cargo á partida 342- 227,9902.
- 9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DIGAMEL AROUSA, S.L.U., pola factura nº 401210475, correspondente á adquisición de luminarias led para a reposición das existentes no Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 18.109,34 €, con cargo ás partidas 342-631,00.
- 10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DIGAMEL AROUSA, S.L.U., pola factura nº 4012173, correspondente á adquisición de luminarias led para a reposición das existentes nos Pavillóns Municipais de Carril e Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 10.214,82 €, con cargo ás partidas 342-632,00.
- 11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DIGAMEL AROUSA, S.L.U., pola factura nº 401210474, correspondente á adquisición de luminarias led para a reposición das existentes nas pistas de tenis do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 8.390,62 €, con cargo ás partidas 342-632,00.
- 12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L., pola factura nº B210141 183, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración da XXVII BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2021, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DIGAMEL AROUSA, S.L.U., pola factura nº401210476, correspondente á adquisición de luminarias led para a reposición das existentes no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/12/2021, por importe total de 18.099,18 €, con cargo ás partidas 342-631,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A., pola factura nº 151-1-07/76, correspondente a adquisición de avituallamento e mascarillas para os participantes na XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe total de 436,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000035821F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de decembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000035721F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de decembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A , 21480 correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de decembro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faise constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme aos informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44124245, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº51388690 , correspondente

á contratación da Póliza do seguro de accidentes para os 100 nenos/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais de Inverno, curso 2021/22, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 11/11/2021 por importe de 541,77 €, con cargo á partida 341-224,00.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa RANKING LA TIENDA DE DEPORTE, S.L., pola factura nº .10327/21, correspondente á adquisición dunha máquina marca campos para os terreos de xogo dos Campos de Fútbol Municipais de herba natural, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 1.214,94 €, con cargo ás partidas 342-623,00.

20.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, pola factura nº Rect-Emit-3-A, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de baloncesto, 1 grupo, meses de novembro e decembro ano 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe total de 400,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L., pola factura nº B210142 187 , correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.A., pola factura nº F000088408, correspondente á adquisición dun xogo de porterías de Rugby para o Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 2.772,64 €, con cargo ás partidas 342-623,02.

23.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L.P., pola factura nº 043 2021, correspondente á realización do estudio e readacción do prego de prescricións técnicas para a licitación do mantemento vexetal das instalacións deportivas municipais, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 6/04/2021, por importe total de 3.388,00 €, con cargo ás partidas 342-227,9900.

24.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa PAVIMENTOS Y TAPICES TÉCNICOS, S.L., pola factura nº A295, correspondente á adquisición dun tapiz de competición homologado de ximnasia rítmica, para as Instalacións Deportivas Municipais, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 6.540,05 €, con cargo ás partidas 342-623,02.

25.- Recoñecemento da obriga a favor de D. REY SILVA, ALBERTO, pola factura nº 07/2021/001, correspondente a prestación do servizo de speaker, na celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 145,20 €, con cargo á partida 342-226,09.

26.- Recoñecemento da obriga a favor de D. RODRÍGUEZ GANDARELA, JOSE M. (ZEPELIN SANTIAGO), pola factura nº fact. 0026, correspondente á adquisición dun arco hinchable e 4 totems, para a publicidade institucional dos eventos deportivos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/11/2021, por importe total de 4.150,30 €, con cargo ás partidas 342-629,00.

- **9ª Resolución con data 30/12//21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas, mes de decembro, por importe total de 6.121,75 €, con cargo á partida 342-221,00.
- **10ª Resolución con data 30/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa SOLITIUM NOROESTE,S.L., pola factura 1-02168234, correspondente ao mantemento da impresora/fotocopiadora da Fundación de Deportes, por un total de copias en b/n: 985 copias e de cor: 284 copias, periodo do 25/11-22/12 do presente ano, por importe de 35,96 €, con cargo á partida 342-220,00.
- **11ª Resolución con data 30/12/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes á relación de facturas anteriormente sinaladas, dos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, dos periodos do 08/09/2021 ao 07/12/2021, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 27/12/2021, por importe total de 725,71 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.

Mes de Xaneiro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 21/01/22** .-“1.- Autorización en precario a D. Manuel Crespo Sobral como representante do grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán , os martes e xoves de 20:00-22:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
- 2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas

que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón. Así como, deberán ensinar a seguinte documentación para poder acceder á instalación ao conserxe responsable da instalación:

- Certificado de vaciación conforme recibiron a pauta completa da vacina contra a COVID-19.
- No caso de non estar vacinados, proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos test de antíxenos. deberán estar enumerados na lista común e actualizada de test rápidos de antíxenos da COVID-19.
- Certificado/informe que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses e que fora diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR.

4.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

5.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.

- **2ª Resolución con data 25/01//22 .-**“1.- Autorización en precario a D. Juan Carlos Iglesias Caamaño como representante do grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, os mércores de 22:00-23:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Aprobar a compensación dos 2 días que non puideron realizar actividade, nas cotas correspondentes ao mes de xaneiro e febreiro de 2022.

3.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

4.- Faise constar que xa presetou a relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

5.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón. Así como ensinar unha das opción que a continuación se indican para poder acceder á instalación ao conserxe responsable da instalación:

- Certificado de vaciación conforme recibiron a pauta completa da vacina contra a COVID-19.
- No caso de non estar vacinados, proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos test de antíxenos. deberán estar enumerados na lista común e actualizada de test rápidos de antíxenos da COVID-19.
- Un certificado/informe que o titular que se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses e que fora diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR.

6.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 20/01/22** .-“1.- Aprobación a Dña.Marina Moral Castro, alumna da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo, a realización das prácticas de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, na Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, dende o 1 de febreiro ao 31 de marzo do presente ano. Sen que iso implique relación funcional, laboral ou contractual algunha co Concello ou coa Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Aprobar o abono a solicitante, dunha compensación pola realización das prácticas, por importe de 200,00 €/mes e a súa correspondente cotización á Seguridade Social por importe total de 56,90 € (48,41 € con cargo á empresa e 8,49 € con cargo ao bolsreiro/a), conforme acordo da Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/12/2019 e co desglose sinalado anteriormente.
- 3.- Faise constar que esta asinado o convenio de cooperación educativa para o desenvolvemento de prácticas de Grao coa Universidade de Vigo, para a realización das prácticas en empresa dos/as seus/súas alumnos/as.”
- **2ª Resolución con data 21/01/22** .-“1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan e, polos seguintes conceptos, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 3.121,91,00 €:
 - 1.1) A MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación da Póliza de Seguros de Accidentes para 300 participantes das Actividades Físico-recreativas de adultos, por importe de 1.624,73 €, con cargo á partida 342-224,00.
 - 1.2) Á empresa CLECE, S.A, o reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se desenvolve as actividades de loga e Estiramientos e Relaxación, por importe total de 853,68 €/IVE incluído, con cargo á partida 342-227,00.
 - 1.3).-Á empresa SERVIICIO CULTURA DEPORTE E RECREACION, S.L.(concesionaria da xestión da Piscina Cuberta Municipal), a realización das sesións do 1º Curso da actividade de Ximnasia Acuática, ata a finalización das restricións actuais segundo a Orde do 14 de decembro de 2021 e da súa prórroga do 12 de xaneiro do presente ano, por importe de 19,50 €/sesión, ou como máximo para un total de 33 sesións (1º curso Ximnasia acuática, xaneiro, febreiro e marzo), por importe total de 643,50 €/IVE incluído, con cargo á partida 342-226,09.”
- **3ª Resolución con data 26/01/22** .-“1.- Aprobación da Memoria do proxecto de GASTO CORRENTE: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIDADE DEPORTIVA, MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2022, cun orzamento total de 30.000,00 €.

2.- Aprobar a solicitude dunha subvención á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, conforme as bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-23”, con cargo á Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos..., para o devandito Proxecto, por importe de 6.000,00 €.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 31/01/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xaneiro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 1.116,42 €.”
- **2ª Resolución con data 31/01/22** .-“.- Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de xaneiro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 7.377,36 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44191254, da pola póliza de Seguros nº 61103818, correspondente á contratación do seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL da Fundación de Deportes, periodo do 01/01/22 ao 31/12/22, por importe de 3.570,49 €, con cargo á partida 342-224,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44206864 da Póliza de Seguros nº 11320412 , correspondente á contratación da Póliza de seguros Multirriesgos de Camións para a plataforma elevadora con remolque da Fundación de Deportes, para o periodo do 01/01/22 ao 31/12/22, por importe de 111,89 €, con cargo á partida 342-224,00.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44222358 da pola póliza de Seguros nº 31074097, correspondente á contratación do seguro de PYME da pequena e mediana empresa (edificios destinados a deportes), periodo do 01/01/22 ao 01/01/23, por importe de 2.070,25 €, con cargo á partida 342-224,00.
 - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44236416, da pola póliza de Seguros nº 51389274, correspondente á contratación dos Seguros de

Accidentes para 300 participantes da Actividade Físico-recreativa de Adultos, periodo do 17/01/22 ao 22/06/22, por importe de 1.624,73 €, con cargo á partida 342-224,00.

- **3ª Resolución con data 31/01/22** .-"1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de xaneiro, por importe total de 2.748,05 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente."

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 21/01/22** .-"1.- Aprobación de todas as solicitudes de inscrición do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos, do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, co desglose por grupos sinalado no informe do Sr. director Deportivo, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Actividades. Agás as solicitudes de inscrición na actividade de Ximnasia Acúatica nos grupos: 2, 5 e 6, así como as solicitudes na actividade de Aeróbic nos grupos: 1 e 3, por non alcanzar un número mínimo de inscricións para levar a cabo a actividade nos citados grupos. Polo que teñen a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para as devanditas actividades, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición."
 - **2ª Resolución con data 27/01/22** .-"1.- Aprobar as 30 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, periodo do 18 ao 24 do presente mes (listado de rexistros do nº 234 ao nº 263)."
 - **3ª Resolución con data 31/01/22** .-"1.- Aprobación das 24 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos (xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, periodo do 24 ao 28 do presente mes (listado de rexistros do nº 264 ao nº 286)."
- O Consello Reitor queda sabedor.

**3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO,
4º TRIMESTRE, ANO 2021.**

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 4º trimestre 2021 (1 de outubro ao 31 de decembro de 2021), no que a 31/12/2020, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días, así como indica que:

a) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 33,90 días.**

b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:

Dentro do período legal de pago 121.372,61 €

Fora do período legal de pago 0,00 €

c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 135.449,55 € e, fora do período legal de pago 26,62 € .

d) **O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 5,32 días.**

O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 4º TRIMESTRE DE 2021, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 4º trimestre de 2021 (1 de outubro ao 31 de decembro de 2021), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2022, que ascende á cantidade de 1.269.015,00 €.

A Sra. Interventora/delegada indica que, a diferenza con respecto ao exercicio anterior, supón un incremento de 114.060,00 €, representando as transferencias do Concello o 95,35% do presuposto de ingresos da Fundación de Deportes. Por último indica que cumpre toda a capacidade financeira e que a regra de gasto non debe evaluarse ao estar suspendidas as regras fiscais e polo tanto non existir unha taxa de referencia.

Interven o Sr. presidente que dá unha breve explicación, das modificacións realizadas no orzamento, nas partidas de gastos que foron incrementadas, sendo as máis significativas, no capítulo II a partida de Actividades Deportivas, Escolas Deportivas e, a de Mantemento das instalacións deportivas, para a licitación do contrato de mantemento vexetal, no capítulo IV, a partida de subvencións para a organización de eventos deportivos, no que se aumenta 19.000,00 €, recuperando o importe prepandemia e, no relativo ao capítulo de inversións, indica que as inversións máis importantes están recollidas no anexo de inversiones do orzamento municipal. Así como sinala que a aprobación do presente orzamento por este órgano é un trámite inicial, que deberá ser ratificado e tramitado conxuntamente co orzamento do Concello e aprobado no Pleno da Corporación.

A Sra. Granja pregunta cal é o motivo de non cumprirse a regra de gasto.

A Sra. interventora/delegada sinala que a regra de gasto o que fai é comparar o presuposto dun exercicio co seguinte, sendo o Ministerio de Facenda o que marca o porcentaxe máximo.

Unha vez finalizadas todas as intervencións sobre o presente asunto, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de tres votos a favor dos Sres/as.: Fernández, Vilas e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstención da Sra. Granja e do Sr. Penas, polo que o Consello Reitor acorda aprobar o borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2022, que ascende á cantidade de 1.269.015,00 €. e, remiti-lo ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

- Interven a Sra. Granja que pregunta o motivo de que non se liciten o contrato de servizos das cafeterías do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

O Sr. director Deporivo contéstalle que na actualidade nas instalacións deportivas interiores segue sendo obrigatorio o uso en todo momento das máscaras, polo que non se pode comer, así como nas exteriores, sempre que non se poida manter o 1,5 m. de distancia. Aínda que a normativa en vigor, ten algunhas contradicións entre elas.

O Sr. presidente manifesta que espera que se acaben pronto as restricións para levar a cabo as licitacións.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e sete minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.